

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DUNHA AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DUN CHIRINGUITO NAS PISTAS DE RABAZAL CO GALLO DO ENTROIDO 2018

- 1.- As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión dunha autorización para a instalación dun chiringuito nas pistas de Rabazal co gallo do Entroido 2018.
- 2.- As persoas interesadas en obter a regulamentaria autorización administrativa para a instalación dun chiringuito nas festas do Entroido de 2018 deberán formular solicitude no Rexistro xeral do Concello de Miño en horario de 8:30 a 14:00 horas, acompañando a esta a correspondente oferta económica que partirá dun canon de 500 euros (a mellorar).
- 3.- O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto dende o día 22 ao 26 de xaneiro de 2018.
- 4.- Unha vez finalizado o prazo de presentación, procederase en acto público á adxudicación da autorización prevista segundo a oferta económica máis vantaxosa presentada.
- 5.- Quen non obteña a autorización pasará a integrar unha lista de agarda, por orde decrecente da oferta económica presentada, para os efectos de chamamento para a suplencia, no suposto de que a persoa autorizada renuncie ao seu dereito con anterioridade á data do evento.
- 6.- Unha vez concedida a autorización, deberase aboar o canon proposto ao día seguinte, en calquera dos seguintes números de conta:
ABANCA - ES63 - 2080 - 0087 - 72 - 3110000015
BBVA - ES84 - 0182 - 4300 - 74 - 0000000041
SANTANDER - ES41 - 0049 - 2950 - 38 - 1010038930
BANCO PASTOR - ES80 - 0238 - 8176 - 60 - 0660000271
LA CAIXA - ES06 - 2100 - 6309 - 98 - 0200000446
- 7.- Será causa de revogación automática, sen necesidade de previo requirimento, da autorización a falta de ingreso do canón ofertado, no prazo sinalado no apartado anterior.
- 8.- A autorización para a instalación da caseta será para o día 10 de febreiro en horario de 20:00 h a 02:00 h. E para o día 11 de febreiro en horario de 17:00 h a 20:00 h.
- 9.- Se se serven comidas deberá contar coa correspondente autorización sanitaria.
- 10.- Das presentes bases publicarase un anuncio nos lugares habituais de exposición pública para o coñecemento das persoas interesadas.

En Miño, 17 de xaneiro de 2018
A Concelleira de educación e cultura

Asdo.- Ana Picos Freijomil